


PATRIMONIO CULTURAL





INICIO

As **FICHAS DE PATRIMONIO** que vos presentamos, e que son a base do programa formativo "**O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos**", están deseñadas para traballar co voso alumnado diversos aspectos relacionados co patrimonio cultural da ruta xacobeá.

Cada unha das fichas ordénase nunha secuencia semellante á que se establece nas etapas do Camiño. As conclusións extraídas co traballo de cada unha delas serán abertas e susceptibles de relacionarse coas elaboradas para outros contidos temáticos.

Non son un "manual de instrucións" senón que presentan unha serie de pautas para que os docentes poidades tomar o que máis vos conveña en función das características e intereses do grupo ao que vos dirixides.

Estrutúranse do seguinte xeito:

→ Nun primeiro momento, e a xeito de treboada de ideas, plantexámosvos unha serie de ítems que o docente pode adaptar ás necesidades educativas da aula. Non se trata de que o alumnado dea unha resposta única a cada unha das cuestións, senón que se chegue, dentro da clase, a respostas globais que se debatan entre diferentes grupos flexibles organizados polo profesor.

→ Tras a posta en común sobre as respostas ás cuestións plantexadas, no apartado **PROPOÑEMOS** o profesor atopará unha serie de actividades realizables dentro e fóra da aula que completen os coñecementos adquiridos.

O plantexamento, tanto de ítems como de actividades, responde aos principios de interdisciplinaridade e aprendizaxe colaborativa. Poderán secuenciarse nas programacións da aula, constituíndo unha xornada final de traballo naquelas unidades didácticas nas que se aluda aos contidos teóricos que explican o Camiño de Santiago nas diferentes materias do currículo.

O obxectivo final do traballo cos materiais que aquí presentamos será a elaboración dun traballo de creación artística sobre o Camiño de Santiago.

Bo Camiño

ETAPA 4

Patrimonio cultural

PATRIMONIO CULTURAL do Camiño de Santiago

Unha das particularidades que en maior medida destacan os peregrinos na súa viaxe é o alto valor cultural do Camiño de Santiago. Ao tempo, o obxectivo do programa formativo **"O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos"** é promover o coñecemento do patrimonio asociado a el. Polo tanto, de entre todos os aspectos posibles, imos centrarnos nese.

Lembrades a la listaxe de opinións que o alumnado fixo sobre o sentido actual do Camiño? Apareceu o patrimonio cultural?

Se cadra, o alumnado non se decatou de que algúns dos conceptos do Camiño que saíron na aula poderían estar integrados dentro do patrimonio cultural.

Da listaxe que confeccionamos nós,

cales dos seguintes conceptos credes que son parte do patrimonio cultural?

**Busca persoal / Experiencia / Amigos / Historia / Natureza e paisaxe / Tradición
Gastronomía / Turismo / Moda / Deporte / Diversión / Lecer / Arte / Unha promesa**

Moitos máis aspectos dos que pensabamos están englobados no patrimonio cultural, dado que hai diversos tipos de patrimonio. Imos descubri-lo xuntos.


Dado que coñecer o patrimonio cultural é o primeiro paso para valoralo e protexelo, o obxectivo desta etapa será definir o concepto de patrimonio cultural abordándoo no seu contido desde diferentes puntos.

Traballaremos cuestións como: a quen pertence o patrimonio, por que é importante e que mensaxes transmite. É fundamental implicar os participantes para que opinen, compartan, analicen, critiquen e valoren o tema. Deste xeito, melloraremos a percepción que teñen dos seus propios contextos culturais e ampliaremos o seu rol dentro dos mesmos.

O patrimonio cultural, no seu máis amplo sentido, é ao tempo un produto e un proceso que subministra ás sociedades un caudal de recursos que se herdán do pasado, que se crean no presente e que se transmiten ás xeracións futuras para o seu beneficio. É importante recoñecer que abrangue non só o patrimonio material, senón tamén o patrimonio natural e inmaterial. Eses recursos son unha "riqueza fráxil" e, como tal, requiren políticas e modelos de desenvolvemento que preserven e respecten a súa diversidade e a súa singularidade, xa que unha vez perdidos non son recuperables.

Fonte: UNESCO

QUE É O patrimonio cultural



O alumnado é posíbel que non teña moi claro que é o patrimonio cultural. Para que sexa máis doado comprender este concepto, propoñémosvos unha actividade sinxela:

Pedide ao alumnado que elabore unha listaxe con aqueles obxectos da súa propiedade que consideren máis valiosos.

Por que os consideran tan prezados? Que beneficios achegan ás súas vidas? Poderían vivir sen eles?

O patrimonio é, polo tanto, aqueles bens que posúe unha persoa. Ao tempo, tamén existe un patrimonio que é común a todos.

O patrimonio ten un valor tanto en canto as persoas llo damos, podéndose cambiar a idea de valor en función do tempo ou do contexto cultural ou a sociedade que o analice:

valor de utilidade, valor simbólico, valor sentimental, etc.

Cada sociedade valora máis unhas cousas que outras.

Por exemplo, que pensen en algo que antes tivera valor para eles/as e agora non. Por que?

Ademais, todo o que imaxinaron son obxectos materiais?

O patrimonio tamén pode referirse a aspectos inmateriais. Tratarémolo máis adiante

Polo tanto:

- **existe un patrimonio de cada un e un patrimonio que nos pertence a todos;**
 - **pode ter valor en función de cada persoa;**
 - **o patrimonio non só é material.**

Unha vez entendidas algunhas características do patrimonio,
que aspectos credes que nos levan a falar dun patrimonio de tipo cultural?

Segundo a “Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural” de 1972 da UNESCO, son patrimonio cultural:

- Os **monumentos**: obras arquitectónicas, de escultura ou de pintura monumentais, elementos ou estruturas de carácter arqueolóxico, inscricións, cavernas e grupos de elementos que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista da historia, da arte ou da ciencia.

Por exemplo, a Catedral de Burgos, a Ponte de Biscaia ou a Muralla de Lugo.

- Os **conxuntos**: grupos de construcións, ailladas ou reunidas, cuia arquitectura, unidade e integración na paisaxe lles dea un valor universal excepcional desde o punto de vista da historia, da arte ou da ciencia.

Por exemplo, o conxunto arqueolóxico de Tarraco ou a Cidade Vella de Santiago de Compostela.

- Os **lugares:** obras do home ou obras conxuntas do home e a natureza así como as zonas incluídos os lugares arqueolóxicos que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista histórico, estético, etnolóxico ou antropolóxico.

Por exemplo, a Cunca arqueolóxica de Atapuerca.

Tomando como base a definición que establece a Unesco,
que aspectos do medio próximo do alumnado poden englobarse nela?

Propoñédelles elaborar unha listaxe co que eles consideren patrimonio cultural mais sen a vosa participación. Deste xeito comprobaremos que valoran máis. Esta listaxe ides precisala máis adiante.

- Monumentos: ...
- Conxuntos: ...
- Lugares: ...

Se non incluíron algún monumento, conxunto ou lugar que ao voso xuízo mereza ser tido en conta é porque se cadra non o coñecen. É difícil valorar algo sen coñecelo. Esa é unha das premisas deste programa formativo.

En definitiva, a propia idea de patrimonio cultural é relativa e vai mudando, xa que non é unicamente clasificar monumentos, conxuntos ou lugares, senón que se somete aos valores que as sociedades de cada

momento lle dan, e son estas as que lles conceden importancia, converténdose nos seus protectores para que sexan o legado para as xeracións futuras.

Como exemplo podemos tomar a tecnoloxía que hoxe en día nos rodea (móviles ou ordenadores), que vemos cun sentido utilitario, mais que en poucos anos se converterá en pezas de museos: algunhas xa o son. O patrimonio cultural valora tamén o noso presente.

O presente tamén nos deixará o seu propio patrimonio.

Pensaron nesta cuestión algunha vez? Que obxectos pensan que acabarán nun museo?

Dentro desta idea, debemos tamén incluír o xeito en que hoxe en día almacenamos a información, en formato dixital ou mediante páxinas de Internet, que se desaparecesen significaría unha perda de información equivalente á perda dunha biblioteca.

Podedes coñecer máis en:

<https://www.europeana.eu/portal/es>

<http://www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispanica/Inicio/index.html>



OUTRAS CATEGORÍAS do patrimonio

Comprobamos que hai grande cantidade de elementos que engloba o patrimonio cultural, mais a UNESCO tamén desenvolve outras categorías: **natural e inmaterial**.

Nun primeiro momento, o patrimonio cultural foi considerado como os conxuntos de construcións e sitios con valor histórico, estético, arqueolóxico, científico, etnolóxico e antropolóxico. Mais co paso do tempo, o concepto de patrimonio cultural avanzou cara outros elementos que, aínda que non son artísticos, teñen igual valor para a humanidade.

Entre estes atopamos as formacións físicas, biolóxicas e xeolóxicas, as zonas con valor excepcional desde o punto de vista da ciencia, da conservación ou da beleza natural e os hábitats de especies animais e vexetais ameazadas.

A citada “Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural” de 1972 da UNESCO determina que tamén son patrimonio:

- Os **monumentos naturais** como por exemplo **as Médulas no Bierzo**.
- As **formación xeolóxicas e fisiográficas e as zonas estritamente delimitadas**, como por exemplo **el Parque Nacional del Teide**.
- Os **lugares naturais ou as zonas estritamente delimitadas**, como por exemplo **Pirineos - Monte Perdido**.

Agora que xa está máis claro en que consiste cada tipo de patrimonio (cultural e natural), establece unha comparación entre os citados exemplos, ou outros que se lle teñan ocorrido ao teu alumnado, de patrimonio cultural e natural e contestade á seguinte pregunta:

Cales son as diferenzas fundamentais entre ambos tipos de patrimonio?

Esta evolución no concepto de patrimonio incluíu máis recentemente outra tipoloxía denominada **patrimonio inmaterial**, e que abrangue o conxunto de formas de cultura tradicional e popular ou folclórica, que emanan dunha cultura e se basean na tradición. Estas tradicións transmítense oralmente ou mediante xestos e modifícanse co transcurso do tempo a través dun proceso de recreación colectiva.

Algúns exemplos poden ser:

- gastronomía tradicional (como a dieta mediterránea - patrimonio mundial desde 2013- ou a importancia cultural e herdanza do viño na Ríoxa)
- festas e manifestacións populares (como a Semana Grande de Bilbao ou Aste Nagusia)
 - a música tradicional (como a música celta)
 - os bailes típicos (como a xota de varias partes de España)
- as expresións orais ou lendas (como os Amantes de Teruel ou o Filandón de León)

Fíxate de que xeito se refire ao patrimonio inmaterial a Convención de París de 2003 para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

<https://ich.unesco.org/es/que-es-el-patrimonio-inmaterial-00003>

Tomando como base o que establece a Unesco, que aspectos da contorna do alumnado poden englobarse en patrimonio inmaterial?

Pedide ao alumnado que elaboren unha listaxe co que eles consideren patrimonio cultural inmaterial mais sen a vosa participación. Deste xeito comprobaremos que valoran máis. Esta listaxe ides precisala máis adiante.

Propoñemos I: A listaxe que con anterioridade elaborastes incluíndo o patrimonio cultural ...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

ETAPA 7

POR QUE É IMPORTANTE o patrimonio

Pode ser que o patrimonio aparecido nas listaxes das dinámicas anteriores sexa importante para o teu alumnado. É o momento de preguntarlles
para que pode servir todo iso?

Deixando dun lado o aspecto utilitario, por que é importante o patrimonio cultural?:

- O patrimonio **identifícanos**.
- O patrimonio sèrvenos para **vincularnos co noso pasado**.
 - O patrimonio é un **recurso económico** importante.
- O patrimonio ten **valor educativo**, contribuíndo por exemplo a comprender mellor aos demais, a respectar a diferenza e a diversidade.

Estas particularidades sobre o patrimonio cultural que nós comentamos son as que desenvolveremos en profundidade nas fichas seguintes.

Hai algún outro aspecto importante do patrimonio cultural que queirades incorporar? Podedes traballalo tamén. Lembra que estas fichas son una guía, mais flexible e aberta.

Igual que o seu patrimonio persoal é importante para o alumnado, o patrimonio cultural tamén o é para moitas persoas. A listaxe que elaboraron sobre o seu patrimonio cultural próximo vains axudar a entender que para eles/as hai elementos patrimonializables, é dicir, que hai bens aos que dan un valor por riba doutros

Iso é normal, pásanos a todos. Seguimos criterios persoais para determinar que patrimonio nos interesa máis: accesibilidade, proximidade, vinculación coa nosa contorna familiar ou de amigos/as, gustos persoais, etc.

Sexa cal fose o criterio que nos leva a escoller eses elementos, finalmente fan que nos recoñezamos neles.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e identidade")

QUEN DETERMINA que é patrimonializable

ETAPA 8

Patrimonio cultural

O importante do patrimonio cultural non é que se custodie nun museo sen posibilidade de gozar del ou sexa un espazo inaccesible para a maioría. O importante é o que lle dá sentido é que a sociedade o sinta como algo seu, o transmita e o faga parte da súa vida. Por iso, quen determina a súa importancia é a propia sociedade, vós.

Determinar que é importante depende de cada comunidade, de cada localidade, de cada grupo. Polo tanto, **somos nós mesmos/as** os/as que determinamos que é o noso patrimonio cultural.

Dentro da vosa aula se cadra tedes unha serie de trazos que son diferenciadores do resto de aulas. Cales cren que son?

E dentro do voso centro, hai elementos que sexan diferenciadores do resto de centros educativos da vosa localidade

E na vosa localidade, que particularidades destacan a respecto das demais?

Na vosa provincia, podería dicirse que é singular en relación co resto da contorna?

Estes **aspectos positivos** que seguro que xorden no debate non deben servir para enfrontar a uns/unhas con outros/as, senón para coñecer o outro/a e respectalo como algo único que merece o mesmo tratamento que o que consideramos peculiar noso. As posturas extremas deben quedar fóra das propostas que vos facemos.

Co patrimonio cultural ocorre algo semellante. **É importante que transmitades ao voso alumnado que un dos valores máis significativos do patrimonio é a diversidade.**

A través del coñecemos as diferenzas do outro e aprendemos a respectalo
O patrimonio distínguenos mais, sobre todo, únenos.

En base a iso:

hai algún elemento dentro do patrimonio cultural de España que nos conecte a todos/as?


Hai moitas manifestacións do noso patrimonio cultural que poden servir de nexo de unión entre nós.

Ocórresevos algunha? Por exemplo, a Arte Románica a todos os europeos.

Se o alumnado comenta en concreto o Camiño de Santiago como elemento de unión, podemos dicir que imos polo camiño axeitado na nosa viaxe.

Lembrede que estes sinais de identidade de cada localidade merecen un recoñecemento, ser coñecidas por todos e seren transmitidas dunha xeración a outra. O traballo que vos propoñemos desenvolver dentro do programa formativo **“O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos”** ten ese fin. O voso traballo de creación artística exporase en Santiago de Compostela

Xa escollestes a categoría para participar?



ETAPA 9

Patrimonio cultural

QUEN PROTEXE o patrimonio

As Administracións Públicas son as encargadas de protexer o patrimonio cultural e a Lei do Patrimonio Histórico Español e as leis de patrimonio das Comunidades Autónomas constitúen o seu marco legal.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e conservacion")

Mais esta protección do patrimonio tamén é un labor dos cidadáns/ás, non só da Administración. Se entendemos que o patrimonio é de todos/as, todos/as estamos involucrados na súa salvagarda.

Dos obxectos de valor que sinalou cada alumno/a, quen é o primeiro interesado en protexelos?

Comprender este detalle é importante, xa que cando se produce a protección por parte de cada un/unha é cando realmente o patrimonio pasa a ter un valor simbólico alén do puramente material. E esa protección está nas pequenas accións do noso día a día. Se todos/as sumamos esas pequenas accións, prodúcese a mudanza.

Este concepto de protección do ben común é un traballo que se desenvolve nas aulas desde as primeiras etapas da educación. Mais é nas idades que comprenden a Educación Secundaria cando o alumnado reformula a definición persoal e social, existindo a preocupación pola afirmación persoal e desenvolvéndose os instrumentos para a súa vida adulta.

É neste punto cando o patrimonio cultural serve para identificarse, tomámolo como referencia na nosa escala de valores, por iso é o momento axeitado para aprender a aprecialo.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e identidade")

Tal e como traballamos con anterioridade, o patrimonio cultural abrangue moito máis do que pensamos: música, idiomas, gastronomía, festas, xogos, afeccións, etc. Polo tanto, entende o alumnado que o tipo de música que lles gusta, os deportes e xogos que practican ou as afeccións que teñen son tamén patrimonio cultural?


Centrarse só en obxectos en museos e monumentos á hora de abordar a súa protección é reducir a propia idea de patrimonio. Todos son importantes.

Mais si que é verdade que se establecen diferentes categorías dentro do patrimonio, dependendo de diversos criterios, sendo o máis importante o **Patrimonio Mundial**, porque recoñece o “valor universal excepcional”. Este recoñecemento é outro xeito de protección.

Os máis importantes englábanse dentro das listaxes de Patrimonio Mundial, título que outorga a Unesco a bens culturais ou a un lugar específico de excepcional valor para a humanidade, a súa memoria, a súa identidade e a súa herdanza para as xeracións futuras. Hai un total de 1.007 sitios distribuídos en 779 culturais, 197 naturais e 31 mixtos, en 161 Estados. Aquí podedes atopar a listaxe actualizada:

<http://whc.unesco.org/en/list/>

O PATRIMONIO CULTURAL en España



España conta cun rico e variado patrimonio cultural. Cada localidade posúe o seu propio. Por grande ou pequeno que sexa, do tipo que sexa, o voso patrimonio é moi importante e merece ser coñecido, o primeiro por vós mesmos/as. Deste xeito será posible que comece a ser valorado e respectado por parte de todos aqueles/as que non o coñecen.

Xa comentamos que para a súa protección contamos coa Lei de Patrimonio Histórico Español, que establece distintos niveis. Nela, os elementos patrimoniais están incluídos no **Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural** e diferénciase entre **bens mobles** (aqueles que poden ser trasladados sen alterar a súa integridade) e **bens inmoables** (aqueles que non poden ser trasladados).

Ocórrense ao grupo exemplos próximos de cada tipo?
Que elementos patrimoniais da vosa localidade son mobles ou inmoables?

Cada Comunidade Autónoma conta, pola súa vez, coa súa propia lexislación sobre patrimonio e un rexistro, catálogo ou inventario dos seus bens protexidos. Todas elas asumen nestas leis a competencia para protexeren os seus bens de patrimonio conforme ás categorías que nelas se establecen, sendo a máxima protección a figura do **Ben de Interese Cultural**.

Tamén podemos atopar unha lexislación e un rexistro a respecto do patrimonio cultural en moitos países. Tede en conta que igual que nós valoramos e protexemos o noso patrimonio, en todo o mundo valoran e protexen o seu do mesmo xeito.

Podedes consultar os bens do Rexistro na seguinte ligazón:

<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/patrimonio/bienes-culturales-protexidos/niveles-de-proteccion/regimen-general.html>

Para que un ben cultural español sexa declarado **Patrimonio Mundial** pola **Unesco** ten que estar previamente declarado como **Ben de Interese Cultural** no Rexistro.

Hai bens que teñades incluído na listaxe listado sobre patrimonio próximo da vosa localidade (Proposta I) que non estean incluídos nesa listaxe de Patrimonio Mundial? Por que? Acaso non dixemos que o voso patrimonio é igual de valioso que o do resto do mundo?

Efectivamente, o voso patrimonio podería estar incluído nesa listaxe, mais para iso debe pasar por un proceso. Por exemplo, saben que cada país só pode presentar unha candidatura para entrar nesa listaxe en cada convocatoria? Para iso, débese seleccionar axeitadamente a candidatura, xa que non todas as propostas dos países entran. De entre as presentadas despois hai unha selección.

Para optar a esa selección é preciso levar a cabo un importante esforzo previo que implica o traballo de moitas persoas e unha dedicación que pode levar anos. Tamén formar parte da Listaxe de Patrimonio Mundial implica unha serie de compromisos como por exemplo seguir traballando por parte das autoridades competentes na xestión, supervisión, preservación e difusión do ben declarado. Mais a inscrición na Listaxe non debe ser a fin, senón que é só o comezo para a súa mellor conservación e protección.

De aquilo que considerastes que merecía estar presente na listaxe de Patrimonio Mundial, vós fixestes algo para que así fose?

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e conservación")

Non pensedes que só as Administracións son as encargadas de propor e levar a cabo este esforzo para conseguir que o patrimonio estea nesa Listaxe. Tamén a sociedade civil (organizada en asociacións, por exemplo) ten un importante labor.

Hai na vosa rexión algunha asociación que se dedique á conservación ou defensa do patrimonio cultural?

E no voso centro educativo, que poderíades facer polo patrimonio cultural?

Sabemos que en moitos centros educativos destes o primeiro paso e traballades este tema acotío, amosando todos os aspectos que abrangue o patrimonio cultural, reflexionando sobre todos os tipos que existen e realizando o alumnado traballos artísticos de diversa índole sobre el.

Podémoslos ver en moitas das vosas webs e blogs. Neles, e coa axuda da fotografía, o cinema ou o debuxo, tratades o patrimonio e outros temas importantes (saúde, educación viaria, respecto, tolerancia, etc.) dun xeito valioso e educativo.

Agora propómosvos tomar o voso patrimonio do Camiño de Santiago como medio e ir un paso máis aló participando neste programa formativo. Entre todos faremos que chegue a máis xente mediante novos traballos artísticos, amosándoos na nosa web e na exposición temporal que se celebrará en Santiago de Compostela como colofón.

Propoñemos II: A Listaxe de Patrimonio Mundial en España é moi ampla. Cun total de 45 bens inscritos ...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Propoñemos III: Na seguinte ligazón atopamos a listaxe de bens patrimonio cultural Mundial en España... ..

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Una vez que descubristes todo o Patrimonio Mundial que hai en España, dicídenos con cal quedariades se tivésedes que escoller un e por que?



O CAMIÑO DE SANTIAGO como Patrimonio Mundial

Con cal quedastes de entre todos?

Nós non poderíamos quedar só con un. Sería inxusto. Mais si podemos dicir que hai un que ten tantas peculiaridades que o converten en algo moi especial. Fixádevos e ide descartando. **Cal dos 45 da listaxe encaixa en cada punto?**

1. É un ben localizado en varias Comunidades Autónomas.
2. É un ben compartido por millóns de persoas.
3. É un ben que une patrimonio material, natural e inmaterial.
4. É un ben que atravesa varios países.
5. É un ben vivo que segue e segue medrando cada día.
6. É un ben que pode transformar as persoas.
7. É un ben cargado de valores.

Non temos ningunha dúbida de que sabedes que estamos a falar do Camiño de Santiago e que podedes pensar que non somos imparciais. O noso propio nome, o deste programa formativo, delátanos. Mais é difícil atopar algo semellante:

1. Percorre toda España.
2. Desde o século XII é incontable o número de persoas que o realizaron.
3. Conta cun rico patrimonio cultural, paisaxes naturais extraordinarias e un patrimonio inmaterial que vai máis aló de calquera listaxe.
4. É unha ruta coñecida en toda Europa.
5. Medra e mantense con cada peregrino que chega a Santiago.
6. Se algún de vós o fixo, xa sabedes do que estamos a falar.
7. Amizade, solidariedade, devoción, etc.

Por todo iso, o Camiño de Santiago é máis que Patrimonio Mundial: é unha experiencia que une moitas persoas e que as conecta alén das fronteiras.

Agora é o voso momento. Esta viaxe segue o seu curso e tócvos a vós amosar aos demais o voso lugar no Camiño. Animádevos a participar no noso programa formativo?

ANO EUROPEO DO PATRIMONIO CULTURAL

O Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea aprobaron declarar o 2018 Ano Europeo do Patrimonio Cultural.

O patrimonio cultural europeo non é só un legado do pasado, é tamén un recurso imprescindible para o noso futuro, dado o seu incuestionable valor educativo e social, o seu considerable potencial económico, así como a súa importante dimensión en cooperación internacional.

A partir destes principios, os obxectivos do Ano Europeo son fomentar o intercambio e a valoración do patrimonio cultural de Europa como un recurso compartido, sensibilizar en relación coa historia e os valores comúns e reforzar un sentimento de pertenza a un espazo común europeo.

Unha mellor comprensión e apreciación, especialmente entre os mozos, do seu patrimonio compartido ao mesmo tempo que diverso axudará a consolidar o sentimento de pertenza á Unión e reforzará o diálogo intercultural. É preciso, polo tanto, promover un maior acceso ao patrimonio cultural e aumentar a súa dimensión europea.

O noso programa formativo está incluído nas actividades do Ano Europeo. Podedes coñecer aquí:

http://europa.eu/cultural-heritage/eych-events-table_en

PROPOÑEMOS

As propostas que presentamos a continuación son actividades de motivación orientadas a complementar as competencias e os contidos do currículo de Educación Secundaria Obligatoria, dentro do obxectivo que se marca o programa formativo “O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos”. Nesta ficha incluimos propostas para:



HISTORIA



XEOGRAFÍA

Proposta I: Historia

A listaxe que con anterioridade elaborastes incluíndo o patrimonio cultural... agora pode verse ampliada con estas novas expresións do patrimonio.

Propoñémosvos elaborar un sinxelo esquema onde se inclúa un exemplo de cada tipo de patrimonio que sexa próximo á vosa localidade e indicar de que tipo é: material, inmaterial ou natural. Para iso, temos estes tipos de patrimonio:

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">• Cidades históricas• Monumentos e paisaxes naturais• Patrimonio cultural subacuático<ul style="list-style-type: none">• Música• Ritos e crenzas<ul style="list-style-type: none">• Festas• Patrimonio móbil (cadros, esculturas, etc)<ul style="list-style-type: none">• Idiomas• Patrimonio documental e dixital• Formacións xeolóxicas e fisiográficas | <ul style="list-style-type: none">• Artesanía• Literatura• Tradicións orais• Bailes e danzas• Lugares naturais ou zonas naturais delimitadas<ul style="list-style-type: none">• Gastronomía• Deportes e xogos tradicionais<ul style="list-style-type: none">• Medicina tradicional• Patrimonio cinematográfico e fotográfico<ul style="list-style-type: none">• Sitios sagrados naturais |
|---|--|

Esqueceunos algún?

Cales de todos eles teñen relación co Camiño de Santiago? Gardade esta listaxe, imos precisala.

Proposta II: Espazo humano

A Listaxe de Patrimonio Mundial en España é moi ampla. Cun total de 45 bens inscritos... é o terceiro país con máis bens declarados. Imos aproveitar esta oportunidade para que o alumnado coñeza desde outro punto de vista unha ou varias das localidades onde están situados eses bens. Este labor será levado a cabo polos seus propios compañeiros/as, que farán as presentacións na aula.

Unha vez localizadas no mapa, pídelle por grupos que elixan aquelas localidades coas que poidan vinculación (familia, amigos/as, vacacións, etc.). Do xeito que lles pareza oportuno explicarán ao resto todo o que consideren importante, aquilo que máis lles gusta.

**Coñecían con anterioridade que alí existía algo tan importante para o resto do mundo?
Parécelles verdadeiramente valioso?**

Proposta III: Historia

Na seguinte ligazón atopamos a listaxe de bens patrimonio cultural Mundial en España...

<http://whc.unesco.org/en/list/&order=country#alphaS>

Co fin de contextualizar correctamente cada ben, propómosvos que o voso alumnado agrupe eses bens dentro dos tres tipos que tratamos: material, natural e inmaterial.

Pode que haxa algún ben que se englobe dentro de varias tipoloxías? Por que?